

Benqueridas familias:

Comezamos este curso con moito máis nerviosismo que outros anos, e cunha palabra que nos vai estar acompañando: **INCERTIDUME**. Esta palabra fai que o que serve para hoxe non serva para mañá.

Por outra banda, entendemos a vosa urxencia á hora de conciliar o traballo e a vida familiar. É por iso que vos informamos da **PREVISIÓN** que, **A DÍA DE HOXE**, temos sobre a **incorporación do alumnado ó centro**. Tratarase dunha entrada **ESCALONADA** en días e horas.

Lembrámosvos tamén que, dada a situación cambiante, **estas indicacións poden verse afectadas polas decisións das autoridades educativas e sanitarias**.

Pregámosvos a vosa **COMPRENSIÓN e COLABORACIÓN** neste momento tan difícil que nos toca xestionar. **O éxito dependerá deste TRABALLO EN EQUIPO DE TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA**.

Recordamos que as **CANLES OFICIAIS DE COMUNICACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA** son a **páxina web oficial** da escola e os **avisos a través de Abalarmóbil**. Outro tipo de vías e informacións só contribúen a crear confusión e malentendidos que todos queremos evitar.

Moitas grazas pola vosa comprensión e un saúdo.

O Equipo Directivo.

	Xoves 10	Venres 11
Educación Infantil 3 anos A	Segundo o horario establecido no Período de Adaptación	Segundo o horario establecido no Período de Adaptación
Educación Infantil 3 anos B	Segundo o horario establecido no Período de Adaptación	Segundo o horario establecido no Período de Adaptación
Educación Infantil 4 anos A	09:30	De 08:50 a 09:00
Educación Infantil 4 anos B	09:30	De 08:50 a 09:00
Educación Infantil 5 anos A		09:30
Educación Infantil 5 anos B		09:30
1º de Primaria A	09:00	De 08:50 a 09:00
1º de Primaria B	09:30	De 08:50 a 09:00
2º de Primaria	09:30	De 08:50 a 09:00
3º de Primaria	09:00	De 08:50 a 09:00
4º de Primaria		09:30
5º de Primaria A		09:15
5º de Primaria B		09:15
6º de Primaria		09:30